

Anexo II

CAMPAÑA DA OFICINA EUROPEA DO AMBIENTE (OEA) A FAVOR DA REFORMA AMBIENTAL DA FISCALIDADE EN EUROPA

POR UNS PREZOS QUE BENEFICIEN AO MEDIO AMBIENTE

O desenvolvemento sustentábel desde o punto de vista do medio ambiente será unha mera ilusión se os incentivos do mercado continúan fomentando un consumo e uns métodos de produción desbaldidores, ademais de facer que os cambios necesarios para a protección do medio ambiente parezan caros e nada competitivos. Por este motivo, a Oficina Europea do Ambiente lanzou unha campaña cuxo obxectivo é mudar os incentivos do mercado de xeito que os prezos beneficien ao ambiente. As dúas ferramentas máis importantes que estamos promovendo como parte desta reforma ambiental da fiscalidade son o traspaso das cargas tributarias e a reforma das políticas de subvención. Coa finalidade de evitar consecuencias sociais negativas e acelerar a reacción do mercado, estamos promovendo unha serie de medidas adicionais específicas.

A tributación ambiental é unha das principais ferramentas para avanzar cara a un desenvolvemento sustentábel. Os impostos ambientais teñen o efecto positivo de fomentar a innovación e a eficiencia. Tamén poden contribuír á creación de postos de traballo, sobre todo cando os ingresos fiscais se reciclan baixando os impostos laborais (reforma ambiental dos impuestos, RAI). O seu efecto global sobre a economía é claramente positivo, xa que a longo prazo contribúe a mellorar a calidade de vida e as condicións para atinxir a prosperidade. Estas conclusións teñen o respaldo non só de organizacións ambientais, senón tamén de grande parte da sociedade, organizacións internacionais como a OCDE, asociacións de consumidores, sindicatos e algunhas asociacións empresariais.

As políticas dos gobernos seguen favorecendo modelos de produción e de consumo que prexudican ao ambiente de moitas formas. As subvencións directas destinadas á produción de carbón ou á agricultura intensiva son exemplos claros. Outros exemplos son as desgravacións fiscais por desprazamento ao lugar de traballo en coche ou as exencións tributarias por viaxar en avión. Subvencións como estas deben ser progresivamente eliminadas e substituídas por outras que aceleren a adopción de alternativas para a produción de enerxía, o transporte, etc. que sexan respectuosas co medio ambiente.

Cómpre adoptar medidas sociais que preveñan calquera posíbel inxustiza social derivada dos prezos máis altos da enerxía. Poderíase facer facilmente deseñando as políticas adecuadamente.

Como parte da campaña, establecemos unha serie de obxectivos cuantificados e unhas axendas para o ámbito da UE que servirán de guía para o ámbito nacional. Esperamos poder xerar un novo debate sobre a reforma ambiental da fiscalidade en todos os países da UE así como nos países candidatos á adhesión, e deste modo crear una dinámica que fará posíbel dar pasos máis audaces no ámbito nacional sabendo que no resto de Europa estanse desenvolvendo procesos similares. Estamos fomentando a adopción da proposta actual da Comisión sobre a fiscalidade da enerxía (Directiva Monti), pero achamos que só é o primeiro paso para coordinar toda Europa. Insistimos en que non é preciso que a UE chegue a un acordo global para que cada país realice a súa propia reforma nacional. De feito, a maioría dos Estados membros xa iniciaron certas accións de ámbito nacional, á marxe da falta de progreso no ámbito da UE.

John Hontelez. Secretario xeral da Oficina Europea do Ambiente (OEA)

